

**Parte da proba acceso: Substitutiva do requisito de titulación : Bacharelato**

**Dirección** Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa  
**Parte da proba acceso: Substitutiva do requisito de titulación de bacharelato para acceder ás Ensinanzas Artísticas Superiores convocada pola Resolución do 29 de abril de 2019, DOG 13 de maio.**

## Materia: Historia de España

Grao	Superior	
Data	17 de xuño de 2019	
Alumno/a		DNI:
Cualificación		

### ▪ INSTRUCCIÓN

#### Formato

A proba consta de 10 preguntas tipo test. O alumnado deberá sinalar a resposta correcta a cada pregunta tipo test na táboa de solucións ao final do caderno.

#### Puntuación

Cada resposta correctamente contestada sumará 1 punto.

Cada resposta incorrecta descontará 0,25 puntos.

As respostas en branco non suman nin restan puntuación.

#### Duración

O tempo estimado para responder: 60 minutos (1 hora)

#### Execución

As respostas indicaranse debidamente na táboa final de solucións.

#### Materiais ou instrumentos que se poden empregar durante a proba

Bolígrafo con tinta negra ou azul.

#### Advertencia para o alumnado

Está prohibido usar material adicional para a realización da proba. O incumprimento desta norma será motivo de expulsión.



**Parte da proba acceso: Substitutiva do requisito de titulación : Bacharelato**

## PREGUNTAS

**Indicar a resposta correcta:**

---

*Indicar la respuesta correcta:*

- 1. Na historia peninsular denominamos pobos prerromanos aqueles grupos que habitaban o territorio antes da chegada dos romanos. Estes pobos mantiveron contactos cos fenicios, cos gregos e cos cartaxineses, pobos que se achegaron á península Ibérica desde diferentes lugares do Mediterráneo. Indique a frase correcta relacionada coa organización dos pobos prerromanos en Hispania.

*En la historia peninsular denominamos pueblos prerromanos a aquellos grupos que habitaban el territorio antes de la llegada de los romanos. Estos pueblos mantuvieron contactos con los fenicios, con los griegos y con los cartagineses, pueblos que llegaron a la península Ibérica desde diferentes lugares del Mediterráneo. Indique la frase correcta relacionada con la organización de los pueblos prerromanos en Hispania.*

a) Durante o primeiro milenio a.C. habitaban na península Ibérica diversos pobos que se podían englobar dentro da cultura ibera, como os galaicos, os astures e os cántabros; e pobos que se inclúen dentro da cultura celta como os turdetanos e os bastetanos.

*Durante el primer milenio a.C. habitaban en la Península Ibérica diversos pueblos que se podían englobar dentro de la cultura ibera, como los galaicos, los astures y los cántabros; y pueblos que se incluyen dentro de la cultura celta como los turdetanos y los bastetanos.*

b) Os chamados pobos celtas asentáronse na Meseta e na costa atlántica, vivían en poboados amurallados e elevados denominados castros e practicaban unha economía autosuficiente.

*Los llamados pueblos celtas se asentaron en la Meseta y en la costa atlántica, vivían en poblados amurallados y elevados denominados castros y practicaban una economía autosuficiente.*

c) Os pobos iberos practicaban unha economía autosuficiente, baseada na agricultura e a gandería, non coñecían a escritura e as súas manifestacións artísticas eran escasas.

*Los pueblos iberos practicaban una economía autosuficiente, basada en la agricultura y la ganadería, no conocían la escritura y sus manifestaciones artísticas eran escasas.*



**Parte da proba acceso: Substitutiva do requisito de titulación : Bacharelato**

- 2. Os musulmáns conquistaron a península Ibérica no século VIII. A partir dese momento, coexistiron no territorio peninsular tres culturas: musulmáns, xudeus e cristiáns. Al-Andalus foi unha civilización espléndida que incorporou grandes avances culturais e na que floreceu a arte. Indique a frase correcta relativa á presenza musulmá na península.

*Los musulmanes conquistaron la península Ibérica en el siglo VIII. A partir de ese momento, coexistieron en el territorio peninsular tres culturas: musulmanes, judíos y cristianos. Al-Andalus fue una civilización espléndida que incorporó grandes avances culturales y en la que floreció el arte. Indique la frase correcta relativa a la presencia musulmana en la península.*

a) A historia de Al-Andalus atravesou polas seguintes etapas en orde cronolóxica: emirato dependente, emirato independente, califato, reinos de taifas, almorávides, almohades e o reino nazarí de Granada.

*La historia de Al-Andalus atravesó por las siguientes etapas en orden cronológico: emirato dependiente, emirato independiente, califato, reinos de taifas, almorávides, almohades y el reino nazarí de Granada.*

b) A historia de Al-Andalus atravesou polas seguintes etapas en orde cronolóxica: emirato independente, emirato dependente, reino nazarí de Granada, reinos de taifas, almorávides, almohades e o califato.

*La historia de Al-Andalus atravesó por las siguientes etapas en orden cronológico: emirato independiente, emirato dependiente, reino nazarí de Granada, reinos de taifas, almorávides, almohades y el califato.*

c) A historia de Al-Andalus atravesou polas seguintes etapas en orde cronolóxica: califato, emirato e reino nazarí de Granada.

*La historia de Al-Andalus atravesó por las siguientes etapas en orden cronológico: califato, emirato y reino nazarí de Granada.*

- 3. Durante o século XV lévase a cabo nos territorios europeos a construción do Estado Moderno mediante monarquías autoritarias que crean institucións centralizadas. No territorio peninsular este proceso ocorre co matrimonio de Fernando de Aragón e Isabel de Castela, os Reis Católicos. Indique a frase que mellor caracteriza este reinado.

*Durante el siglo XV se lleva a cabo en los territorios europeos la construcción del Estado Moderno mediante monarquías autoritarias que crean instituciones centralizadas. En el territorio peninsular este proceso ocurre con el matrimonio de Fernando de Aragón e Isabel de Castilla, los Reyes Católicos. Indique la frase que mejor caracteriza este reinado.*

a) Tratouse dunha verdadeira unificación política, cada monarca reinaba e gobernaba nos dous reinos.

*Se trató de una verdadera unificación política, cada monarca reinaba y gobernaba en los dos reinos.*

b) Pode considerarse o reinado dos Reis Católicos como o primeiro exemplo na península de Estado unificado que incluía todo o territorio peninsular.

*Puede considerarse el reinado de los Reyes Católicos como el primer ejemplo en la península de Estado unificado que incluía todo el territorio peninsular.*

c) Tratábase dunha unión persoal, os monarcas gobernaban cadanseu territorio e cada reino mantivo as súas leis e institucións.

*Se trataba de una unión personal, los monarcas gobernaban cada uno su territorio y cada reino mantuvo sus leyes e instituciones.*



**Parte da proba acceso: Substitutiva do requisito de titulación : Bacharelato**

- 4. O século XVI marca o apoxeo do imperio español, aquel do que se dicía que nel “nunca se poñía o sol”. Indique a frase que mellor describe este período.

*El siglo XVI marca el apogeo del imperio español, aquel del que se decía que en él “nunca se ponía el sol”. Indique la frase que mejor describe este período.*

a) Carlos V herdou un inmenso imperio e converteuse no rei máis poderoso do seu tempo. Con todo, tivo que afrontar importantes problemas tanto internos (a rebelión das Comunidades en Castela) como externos (guerras con Francia, cos turcos otománs e o avance do luteranismo no imperio Xermánico).

*Carlos V heredó un inmenso imperio y se convirtió en el rey más poderoso de su tiempo. Con todo, tuvo que afrontar importantes problemas tanto internos (la rebelión de las Comunidades en Castilla) como externos (guerras con Francia, con los turcos otomanos y el avance del luteranismo en el imperio Germánico).*

b) O imperio de Filipe V foi coñecido como o máis grande e poderoso da súa época. A súa política tivo dous obxectivos principais: a conservación da herdanza patrimonial recibida e a defensa do catolicismo, que foron os eixes da súa política exterior e a orixe das numerosas guerras que librou.

*El imperio de Felipe V fue conocido como el más grande y poderoso de su época. Su política tuvo dos objetivos principales: la conservación de la herencia patrimonial recibida y la defensa del catolicismo, que fueron los ejes de su política exterior y el origen de las numerosas guerras que libró.*

c) Filipe II herdou un inmenso imperio e converteuse no rei máis poderoso do seu tempo. Con todo, tivo que afrontar importantes problemas tanto internos (a rebelión das Comunidades en Castela) como externos (guerras con Francia, cos turcos otománs e o avance do luteranismo no imperio Xermánico).

*Felipe II heredó un inmenso imperio y se convirtió en el rey más poderoso de su tiempo. Con todo, tuvo que afrontar importantes problemas tanto internos (la rebelión de las Comunidades en Castilla) como externos (guerras con Francia, con los turcos otomanos y el avance del luteranismo en el imperio Germánico).*

- 5. O século XVII desde o punto de vista político supón a decadencia da monarquía hispánica e a fin do imperio español. Sen embargo, é considerado o século de ouro da pintura española, porque neste período alcanzou un gran nivel de esplendor. Indique a frase correcta respecto á pintura española do século de ouro.

*El siglo XVII desde el punto de vista político supone la decadencia de la monarquía hispánica y el fin del imperio español. Sin embargo, es considerado el siglo de oro de la pintura española, porque en este período alcanzó un gran nivel de esplendor. Indique la frase correcta respecto a la pintura española del siglo de oro.*

a) Entre os principais pintores españois do barroco destaca Velázquez, pintor oficial da corte de Filipe III, cuxa familia queda reflectida na famosa obra das Meninas.

*Entre los principales pintores españoles del barroco destaca Velázquez, pintor oficial de la corte de Felipe III, cuya familia queda reflejada en la famosa obra de las Meninas.*

b) Entre os principais pintores españois do barroco destaca Velázquez, pintor oficial da corte de Filipe IV, cuxa familia queda reflectida na famosa obra das Meninas.

*Entre los principales pintores españoles del barroco destaca Velázquez, pintor oficial de la corte de Felipe IV, cuya familia queda reflejada en la famosa obra de las Meninas.*

c) Entre os principais pintores españois do barroco destaca Francisco de Goya, pintor oficial da corte de Filipe IV, cuxa familia queda reflectida na famosa obra das Meninas.

*Entre los principales pintores españoles del barroco destaca Francisco de Goya, pintor oficial de la corte de Felipe IV, cuya familia queda reflejada en la famosa obra de las Meninas.*



**Parte da proba acceso: Substitutiva do requisito de titulación : Bacharelato**

- 6. En 1700, a morte sen fillos de Carlos II desencadeou que dúas potencias europeas quixesen poñer no trono español os seus respectivos candidatos. Isto deu orixe a unha longa guerra que tivo dous escenarios, o europeo e o peninsular, e cuxo final supuxo importantes cambios na organización política de España. Indique a frase que mellor describe este proceso.

*En 1700, la muerte sin hijos de Carlos II desencadenó que dos potencias europeas quisiesen poner en el trono español a sus respectivos candidatos. Esto dio origen a una larga guerra que tuvo dos escenarios, el europeo y el peninsular, y cuyo final supuso importantes cambios en la organización política de España. Indique la frase que mejor describe este proceso.*

a) Trala Guerra de Sucesión chegou a España unha nova dinastía, os Austrias. Introduciron o absolutismo e iniciaron un programa de reformas que impulsou a centralización do país -supresión dos foros da Coroa de Aragón, decretos de Nova Planta, castellanización da política, novo sistema político-administrativo de inspiración xermánica...- e, máis adiante, unha certa modernización do país, aínda que non se rematou co Antigo Réxime.

*Tras la Guerra de Sucesión llegó a España una nueva dinastía, los Austrias. Introdujeron el absolutismo e iniciaron un programa de reformas que impulsó la centralización del país -supresión de los fueros de la Corona de Aragón, decretos de Nueva Planta, castellanización de la política, nuevo sistema político-administrativo de inspiración germánica...-y, más adelante, una cierta modernización del país, aunque no se acabó con el Antigo Régimen.*

b) Trala Guerra de Independencia chegou a España unha nova dinastía, os Borbóns. Introduciron o despotismo ilustrado e iniciaron un programa de reformas que impulsou a descentralización do país -recoñecemento dos foros da Coroa de Aragón, decretos de Nova Planta, novo sistema político-administrativo de inspiración xermánica...- e, máis adiante, unha certa modernización do país, aínda que non se rematou co Antigo Réxime.

*Tras la Guerra de Independencia llegó a España una nueva dinastía, los Borbones. Introdujeron el despotismo ilustrado e iniciaron un programa de reformas que impulsó la descentralización del país -reconocimiento de los fueros de la Corona de Aragón, decretos de Nueva Planta, nuevo sistema político-administrativo de inspiración germánica...- y, más adelante, una cierta modernización del país, aunque no se acabó con el Antigo Régimen.*

c) Trala Guerra de Sucesión chegou a España unha nova dinastía, os Borbóns. Introduciron o absolutismo e iniciaron un programa de reformas que impulsou a centralización do país -supresión dos foros da Coroa de Aragón, decretos de Nova Planta, castellanización da política, novo sistema político-administrativo de inspiración francesa...- e, máis adiante, unha certa modernización do país, aínda que non se rematou co Antigo Réxime.

*Tras la Guerra de Sucesión llegó a España una nueva dinastía, los Borbones. Introdujeron el absolutismo e iniciaron un programa de reformas que impulsó la centralización del país -supresión de los fueros de la Corona de Aragón, decretos de Nueva Planta, castellanización de la política, nuevo sistema político-administrativo de inspiración francesa...- y, más adelante, una cierta modernización del país, aunque no se acabó con el Antigo Régimen.*



**Parte da proba acceso: Substitutiva do requisito de titulación : Bacharelato**

- 7. Desde o punto de vista económico, España no século XIX era un país eminentemente campesiño, no que a agricultura era o sector económico principal, no que traballaba o 70% da poboación. Este sector estaba moi necesitado de profundas transformacións que posibilitasen a modernización do mesmo. A principal transformación que se produciu na agricultura foi a liberalización das terras. Indique a frase que mellor describe este proceso.

*Desde el punto de vista económico, España en el siglo XIX era un país eminentemente campesino, en el que la agricultura era el sector económico principal, en el que trabajaba el 70% de la población. Este sector estaba muy necesitado de profundas transformaciones que posibilitasen la modernización del mismo. La principal transformación que se produjo en la agricultura fue la liberalización de las tierras. Indique la frase que mejor describe este proceso.*

a) Desde o Antigo Réxime boa parte das terras estaban vinculadas á aristocracia, á Igrexa ou aos concellos e non se podían vender nin ceder. A liberalización das terras foi unha iniciativa dos liberais que se levou a cabo a través de dúas medidas: a abolición dos morgados e as desamortizacións.

*Desde el Antiguo Régimen buena parte de las tierras estaban vinculadas a la aristocracia, a la Iglesia o a los municipios y no se podían vender ni ceder. La liberalización de las tierras fue una iniciativa de los liberales que se llevó a cabo a través de dos medidas: la abolición de los mayorazgos y las desamortizaciones.*

b) Desde o Antigo Réxime boa parte das terras estaban vinculadas á aristocracia, á Igrexa ou aos concellos e non se podían vender nin ceder. A liberalización das terras foi unha iniciativa dos conservadores que se levou a cabo a través de dúas medidas: a instauración dos morgados e as desamortizacións.

*Desde el Antiguo Régimen buena parte de las tierras estaban vinculadas a la aristocracia, a la Iglesia o a los municipios y no se podían vender ni ceder. La liberalización de las tierras fue una iniciativa de los conservadores que se llevó a cabo a través de dos medidas: la instauración de los mayorazgos y las desamortizaciones.*

c) Desde o Antigo Réxime boa parte das terras estaban vinculadas á aristocracia, á Igrexa ou aos concellos e non se podían vender nin ceder. Grazas á institución dos morgados a agricultura tivo un impulso moi importante e floreceu ao longo do século XIX.

*Desde el Antiguo Régimen buena parte de las tierras estaban vinculadas a la aristocracia, a la Iglesia o a los municipios y no se podían vender ni ceder. Gracias a la institución de los mayorazgos la agricultura tuvo impulso muy importante y floreció a lo largo del siglo XIX.*



**Parte da proba acceso: Substitutiva do requisito de titulación : Bacharelato**

- 8. A comezos do século XX o sistema liberal moderado da Restauración entrou en crise. Indique a opción que recolle mellor a caracterización do período da nosa historia coñecido como crise da Restauración.

*A comienzos del siglo XX el sistema liberal moderado de la Restauración entró en crisis. Indique la opción que recoge mejor la caracterización del período de nuestra historia conocido como crisis de la Restauración.*

a) Durante o reinado de Afonso XIII o sistema liberal entrou en crise. Entre as causas que a explican hai que destacar a inestabilidade política manifestada na incapacidade por parte dos partidos dinásticos -Liberal e Conservador- para representar os intereses da nova burguesía industrial catalá e vasca, así como a emerxencia da clase obreira, cada vez máis organizada.

*Durante el reinado de Alfonso XIII el sistema liberal entró en crisis. Entre las causas que la explican hay que destacar la inestabilidad política manifestada en la incapacidad por parte de los partidos dinásticos -Liberal y Conservador- para representar los intereses de la nueva burguesía industrial catalana y vasca, así como la emergencia de la clase obrera, cada vez más organizada.*

b) Durante o reinado de Afonso XII o sistema liberal entrou en crise. Entre as causas que a explican hai que destacar a estabilidade política manifestada na capacidade por parte dos partidos dinásticos -Liberal e Conservador- para manter a alternancia pacífica no poder, así como a emerxencia da clase obreira, cada vez máis organizada.

*Durante el reinado de Alfonso XII el sistema liberal entró en crisis. Entre las causas que la explican hay que destacar la estabilidad política manifestada en la capacidad por parte de los partidos dinásticos -Liberal y Conservador- para mantener la alternancia pacífica en el poder, así como la emergencia de la clase obrera, cada vez más organizada.*

c) Durante o reinado de Afonso XIII o sistema liberal entrou en crise. Entre as causas que a explican hai que destacar a inestabilidade política derivada do descontento por parte do exército pola concesión de ampla autonomía política a Cataluña e ao País Vasco.

*Durante el reinado de Alfonso XIII el sistema liberal entró en crisis. Entre las causas que la explican hay que destacar la inestabilidad política derivada del descontento por parte del ejército por la concesión de amplia autonomía política a Cataluña y el País Vasco.*



**Parte da proba acceso: Substitutiva do requisito de titulación : Bacharelato**

- 9. Durante o primeiro terzo do século XX, nun período de tempo en que a sociedade, a política e a economía do país vivían unha época convulsa, xurdiron pensadores, escritores, científicos e artistas que fixeron que a cultura española gozase dunha das súas maiores épocas de esplendor. Indique as características máis destacadas desta etapa.

*Durante el primer tercio del siglo XX, en un período de tiempo en que la sociedad, la política y la economía del país, vivían una época convulsa, surgieron pensadores, escritores, científicos y artistas que hicieron que la cultura española gozase de una de sus mejores épocas de esplendor. Indique las características más destacadas de esta etapa.*

a) Coñécese como Idade de Prata un período da cultura española no que coincidiron unha serie de grandes escritores, artistas e científicos que tiveron un gran recoñecemento nacional e internacional. Na literatura destacan Cervantes, Lope de Vega, Calderón de la Barca, Góngora y Quevedo; en pintura, Velázquez, Ribera, Zurbarán e Murillo; en arquitectura, Churriguera e Casas e Novoa, entre outros.

*Se conoce como Edad de Plata un período de la cultura española en el que coincidieron una serie de grandes escritores, artistas y científicos que tuvieron un gran reconocimiento nacional e internacional. En literatura destacan Cervantes, Lope de Vega, Calderón de la Barca, Góngora y Quevedo; en pintura, Velázquez, Ribera, Zurbarán y Murillo; en arquitectura, Churriguera, y Casas y Novoa, entre otros.*

b) Coñécese como Idade de Ouro un período da cultura española no que coincidiron unha serie de grandes escritores, artistas e científicos que tiveron un gran recoñecemento nacional e internacional. Adoitan agruparse en tres xeracións: a Xeración do 14, con figuras destacadas como Unamuno, Baroja, Machado ou o Modernismo en arquitectura; a Xeración do 98, Novecentismo ou Vanguardas, con Ortega y Gasset como figura destacada; e a Xeración do 27, con Lorca e Alberti en literatura, Picasso e Dalí, na pintura, e Ramón y Cajal e Severo Ochoa na medicina.

*Se conoce como Edad de Oro un período de la cultura española en el que coincidieron una serie de grandes escritores, artistas y científicos que tuvieron un gran reconocimiento nacional e internacional. Suelen agruparse en tres generaciones: la Generación del 14, con figuras destacadas como Unamuno, Baroja, Machado o el Modernismo en arquitectura; la Generación del 98, Novecentismo o Vanguardias, con Ortega y Gasset como figura destacada; y la Generación del 27, con Lorca y Alberti en literatura, Picasso y Dalí, en pintura, y Ramón y Cajal y Severo Ochoa en medicina.*

c) Coñécese como Idade de Prata un período da cultura española no que coincidiron unha serie de grandes escritores, artistas e científicos que tiveron un gran recoñecemento nacional e internacional. Adoitan agruparse en tres xeracións: a Xeración do 98, con figuras destacadas como Unamuno, Baroja, Machado ou o Modernismo en arquitectura; a Xeración do 14, Novecentismo ou Vanguardas, con Ortega y Gasset como figura destacada; e a Xeración do 27, con Lorca e Alberti en literatura, Picasso e Dalí, na pintura, e Ramón y Cajal e Severo Ochoa na medicina.

*Se conoce como Edad de Plata un período de la cultura española en el que coincidieron una serie de grandes escritores, artistas y científicos que tuvieron un gran reconocimiento nacional e internacional. Suelen agruparse en tres generaciones: la Generación del 98, con figuras destacadas como Unamuno, Baroja, Machado o el Modernismo en arquitectura; la Generación del 14, Novecentismo o Vanguardias, con Ortega y Gasset como figura destacada; y la Generación del 27, con Lorca y Alberti en literatura, Picasso y Dalí, en pintura, y Ramón y Cajal y Severo Ochoa en medicina.*





### Parte da proba acceso: Substitutiva do requisito de titulación : Bacharelato

- 10. Desde 1978, a Constitución é a base do noso sistema político. Garántenos unha serie de dereitos e liberdades e recoñece o Estado das Autonomías como forma de organización territorial. Indique a opción que mellor describe a organización territorial recollida na Constitución vixente.

*Desde 1978, la Constitución es la base de nuestro sistema político. Nos garantiza una serie de derechos y libertades y reconoce el Estado de las Autonomías como forma de organización territorial. Indique la opción que mejor describe la organización territorial recogida en la Constitución vigente.*

a) Hoxe, España está constituída por quince comunidades e dúas cidades autónomas. Cada unha ten o seu Estatuto de Autonomía, que regula as súas competencias e funcionamento, e unhas institucións de goberno propias (Goberno e Tribunal Superior de Xustiza autonómicos, unicamente).

*Hoy, España está constituida por quince comunidades y dos ciudades autónomas. Cada una tiene su Estatuto de Autonomía, que regula sus competencias y funcionamiento, y unas instituciones de gobierno propias (Gobierno y Tribunal Superior de Justicia autonómicos, únicamente).*

b) Hoxe, España está constituída por dezasete comunidades e dúas cidades autónomas. Cada unha ten o seu Estatuto de Autonomía, que regula as súas competencias e funcionamento, e unhas institucións de goberno propias (Parlamento, Goberno e Tribunal Superior de Xustiza autonómicos).

*Hoy, España está constituida por diecisiete comunidades y dos ciudades autónomas. Cada una tiene su Estatuto de Autonomía, que regula sus competencias y funcionamiento, y unas instituciones de gobierno propias (Parlamento, Gobierno y Tribunal Superior de Justicia autonómicos).*

c) Hoxe, España está constituída por dezasete comunidades e dúas cidades autónomas. Só as comunidades teñen o seu Estatuto de Autonomía, que regula as súas competencias e funcionamento, e unhas institucións de goberno propias.

*Hoy, España está constituida por diecisiete comunidades y dos ciudades autónomas. Sólo las comunidades tienen su Estatuto de Autonomía, que regula sus competencias y funcionamiento, y unas instituciones de gobierno propias.*



**Parte da proba acceso: Substitutiva do requisito de titulación : Bacharelato**

Marque cun X a letra da resposta que considere correcta:

*Marque con una X la letra de la respuesta que considere correcta:*

TÁBOA DE SOLUCIÓNS			
Nº	A	B	C
1			
2			
3			
4			
5			
6			
7			
8			
9			
10			

Nº de respostas correctas (C)
Nº de respostas incorrectas (I)
Puntuación do exame =



Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa  
**Parte da proba acceso: Substitutiva do requisito de titulación para acceder ás ensinanzas Artísticas Superiores convocada pola Resolución do 29 de abril de 2019, (DOG 13 de maio).**

## Materia: Historia de España

TÁBOA DE SOLUCIÓNS. Parte 1			
Nº	A	B	C
1		X	
2	X		
3			X
4	X		
5		X	
6			X
7	X		
8	X		
9			X
10		X	